

TROUXEN AUGAMEL PARA AGASALLARTE

E senteime na escada á agarda
Non chegabas nunca e cansaba
Cosín cun fío os pensamentos todos e abrín a porta
Saín. Fun por tras de min deixando as pegadas no chan
e se tantas voltas viaxo de nervio aprisionado
se xiro terras e metais lenzos abertos
entrelazados
se escandalizo o interior derroto peixes lubinas
caranguexos
é que teño o corazón de auga derretida desbordando
vasos e piscinas
e veñen as augas zoando coma corsarios
dos mares da palabra

Polo paseo arriba mergulleime naquilo que non
era meu
e sentinme tan dentro
que me era de xeito
que os vidros subían o ton
e quedaba anonadada séndome tan
bendas estrelas fuxidías erguían
os voos os paxaros e andaba
perdida en todo eu que era todo aquilo
tivo que pasar: aparexeime nos ventos
contaminados sinto ese vehículo

acendersexa o coñezo tanto que

Pásote

Dou outra volta

Relátome polo paseo arriba mergullada

Cuestiono se é o tempo monocorde o que acocha o misterio
¿el quen somos nós escribindo
bebendo
por non suicidármonos?
pois non saberíamos utiliza-lo desencanto para vence-la estadía
¿arelo o volcán que se estenda e voe nun pentagrama incomprendible!
¿arelo verdadeiramente a decadencia!
só por determe
e mirar
bocadiño a bocadiño
que pasa
como pasan
os paxaros azuis nidificando nas horas
esas fotografías espalladas na azulíña
solicito que o vento me espante coma o verbo e a palabra
que a palabra e o verbo me espanten coma o vento
¿que ollos mirarán ós meus ollos?

... é favor que me permitas esnaquiza-las estadías freadas
e é que estou tan lonxe que xa non regreso
non sei que fago cando me escribo
que convirto a noite en escadas de abrazos

e de lonxe os meus
regresos desexísten

e por veces non amo nada
Deste xeito é que penso nos ocios que son os cometas
bótome a andar impacientemente cara ó mar...
e fállame de regresións irreversibles
sinállame as alas douradas do pavo real desecado na galería
...imaxes e tempos consagrados...
que se me revelan incongruentes
nun stress permanente que deriva na parálise
e fúgome na fuga
Tal vez o consideres demasiado urxente
é certo: tamén a min se me figuran os sombreiros
pendurados nas perchas
cabezas sen homes

A PAIXÓN QUE ANIÑO ten por veces o bico en berro
sen saber por que é que vale algo sae
coloca un xesto vagantío no despregamento
franquea a porta da selva
érguese dos desanimados é furúnculo
furioso
que traspón e incomoda a aventura é
arco tensado
e a plegaria *fai feliz...*
ós consagrados da noite

esbarrada nas tempos queda innomeable
e confundida

pero é habitáculo de un tamén
desanxelada
e
se me deixas non explicaba nada porque
unha acción fai enchenta dos fabulosos
recreos
e quero que así sexa

DO XEITO EN QUE ME SINTO QUEN de amarte
parte un vagalume
de como non quero estudia-lo feito sublime
enteirarte do vendida que estou á túa man
regresan as moscas
facerme preguntas
pois hai cousas das que só a noite entende
verbos consagrados á ignorancia do control
e é aí onde de certo te atopo
xa sen dolor dos días que dudo saber
ou querer facer para tie te amo

AS TEAS CONFORMÁNDOSE NA PAISAXE o sol saíndo

sen saber de ondese tan difícil como ve-lo aire

subido nas gorxas fose comprende-lo xogo un

paxaro

derrotado

quedoume nas mans despois de pensar

como orballo caloume a tristura grande

o planeta dando voltas sobre si e arredor

e vinnos a todos nós e a equipaxe derrotada

tamén

a grolas de alcohol para imaxinar un cacho soltos polas esquinas

e tras de nós –nada– nin deixáremo-lo voo

da ave descrito nin pintado o sentido das follas

outono cando as piso e ó tempo nos soño xuntos

así

de ben

¡LUZ NO DELIRIO dos sentidos!

se te preciso cando te agardo non vés nunca

e a súplica que molla

desfai un labio

e outro labio que expira nun silencio

compártome

sei que no lonxe das parábolas das frases

cortadas e os puntos a parte son só

medos escorrentados polo teu corpo

soberano dunha idea poderosa que

tal vez suceda e eu non saiba quen es

ti cando te agardo

unhas mimosas podres

auscultadas da xanela ó xardín

hai tantos rúidos nesta rúa...

non tínga-lo cutis

pero ven, como te agardo

O POEMA SOMOS NÓS é certo ¿pero que

establecer? ¿satisfactoriamente cumpri-los dedos

os cálidos dedos en tacto carretera infinda

a nosa carne aloumiño en caraveles?

(entre as luces e as sombras o lúcido escándalo)

–no fondo desa taza queda un pouso de café

–entre as sombras das miñas paisaxes xorden cabalos

se quero ecoando penedos e congostras

a branca praia o areal o mar redondeando

fábulas fábulas Ponte á situación

Atrasa quince veces o silencio dos xulgados

Se recollo a man e atopo un ferrado de misterio

estou contigo acarriando o perfil que a lámpara forma

dos nosos rostros no fondo das ventás

só para recordarnos aquí estamos e as nosas casas

reverberarán espidas as estradas

un escándalo –matar– lúcido –amar–
Rompo vinte veces o espello. Esnaquizo a cara
nos cristais. É que podo confundir
dudas e paixóns e non quero son predisposta
ós erros do corazón. A miña man indica non
nos fíos das redes unha prisión
e ¿cantas cousas non me ensina esta visión?

VENCEN CABALOS ALARANXADOS os rebumbios das frases
cortadas
un reloxo na cadeira pousado tronza en tres
o bico
a piques de esvarar
a túa man fábrica dos actos ¿acaso non vai
mata-las
tenras
forzas
do inquisitorio?

1984
Cal viramos –cal mecemos desleixados
unha porta aberta de escorredizos pasadelos–
cal optamos polas olladas momentáneas do desexo
Rememorámo-lo pasado só un intre

E logo a vacación do subterráneo foi vocación
de sobre todo escadas –aparatos– amartelados
bicos de enciñeiras e carballos pasos pasos
nos lousados da memoria pasos flúen
fóra do xa despistado recordatorio das
pedras secas cara a un adiante impenetrable
verbos e romances
historias de cadáveres cocidos na miseria dunha biografía
todo iso ¡a parte!
o reverso dos azuis
os nenos xogando aceras
dez polegadas cara á muralla
E tododiós –entre seguro– están andando
¡e eu que posuía unha clave
dourada para as fugas!
(¿todo anxo é terrible?)
perdinme –recoñecinme– volvín perderme...
e este perderme era un alucinar coa flácida realidade
–ese formigón ametrallado e inconvencible
que medito destruír e me destrúe–
non dou querido ver nas caras animais –feroces festas
con carnet de identidade sen mácula do amor
—Distánciate do emocional, dis
Escóitote
Alá lonxe as túas palabras equivocan o camiño do divino

Xela Arias, *Denuncia do equilibrio*.